

**LOCUCIÓNS CONECTORAS CONSECUTIVAS
DE CARÁCTER PARENTÉTICO
NO GALEGO MODERNO
E CONTEMPORÁNEO¹**

Xosé Ramón Freixeiro Mato
Universidade da Coruña

1. Introducción

Os conectores son marcadores discursivos cuxo significado fornece instrucións argumentativas que orientan as inferencias derivadas do conxunto dos membros relacionados; vinculan semántica e pragmaticamente un membro do discurso con outro anterior ou cunha suposición contextual de fácil acceso e, de acordo coa clasificación de Portolés (2001: 139-141), poden ser de tres clases: aditivos, contraargumentativos e consecutivos. Estes presentan o membro do discurso en que figuran como unha consecuencia doutro anterior, de modo que se dá unha relación de causa a consecuencia entre as informacións conectadas por eles. Montolío (2001: 99) distingue os conectores consecutivos —aqueles que introducen a consecuencia e que, por tanto, conformarían as estruturas oracionais tradicionalmente chamadas consecutivas— doutras expresións conectivas que introducen a causa e que contribúen para a conformación das estruturas oracionais causais; en todas elas se dá unha relación de causa a consecuencia. Tanto en *Como chove, non vou saír de paseo*

¹ Este traballo inscríbese no proxecto de investigación FFI2009-08917, subsidiado polo 'Ministerio de Ciencia y Tecnología. Dirección General de Investigación. Subdirección General de Proyectos de Investigación'. Para as referencias ás cantigas medievais utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur, coas correccións incorporadas por Montero Santalha.

como en *Chove, por tanto non vou saír de paseo*, a acción expresada por *chove* é a causa e *non vou saír de paseo* é a consecuencia, mais no primeiro caso *como* introduce a causa e no segundo *por tanto* introduce a consecuencia; así pois, *por tanto* é un conector consecutivo². Seguindo o criterio desa mesma autora, pódense establecer dous grupos de expresións conectivas consecutivas do punto de vista sintáctico: (i) as integradas na oración, que presentan na súa formación a conxunción *que* (*así que, de forma/modo/maneira/xeito que, de aí que, polo que*); e (ii) as parentéticas *por tanto, por/en consecuencia, por conseguinte, por iso, por esa/tal razón, por esa/tal causa, por ese/tal motivo, pois, así pois, xa que logo*.

De acordo co tipo de significado procedimental que posúen e a nos basearmos novamente en Montolío (2001: 136), podemos distinguir os seguintes tipos de expresións conectivas consecutivas: (i) aquelas que introducen a consecuencia e sinalan anaforicamente a causa desencadeante, podendo ser parentéticas (*por iso, por ese/tal/dito motivo/razón/causa*) e integradas na oración (*polo que, de aí que*); (ii) aquelas que indican que o que segue constitúe a consecuencia, mais sen apuntar á causa, que tamén poden ser parentéticas (*por tanto, por consecuencia, por conseguinte, pois*) e integradas na oración (*de forma/maneira/modo/xeito que, así que*); e (iii) *así pois* e *xa que logo*, que representarían un grao intermedio entre os dous grupos anteriores. Entre todas estas expresións, de seguirmos o criterio de Portolés (2001: 140), só debemos considerar conectores consecutivos plenamente gramaticalizados (i) *pois* e *así pois*, que se limitan a mostraren o membro en que se achan como un conse-

² Na tradición gramatical luso-brasileira (cf. por exemplo Cunha e Cintra, 1991: 575-586) costúmase distinguir entre conxuncións coordinadas conclusivas (*logo, pois, portanto, por conseguinte, por isso, assim...*) e conxuncións subordinadas consecutivas (*que* en combinación con *tal, tanto, tão* ou *tamanho, de forma que, de maneira que, de sorte que...*). Porén, no ámbito galego Costa *et al.* (1988: 302-303) falan de cláusulas bipolares causativas, que poden establecer unha relación causal (mediante as conxuncións *porque, pois, por tanto, como, que*, e as locucións conxuntivas *pois que, dado que, suposto que, xa que, debido (a) que, visto que, visto como, por culpa de que, por causa de que, por mor de que, a causa de que*) ou unha relación consecutiva (mediante as conxuncións *que, logo, entón, daquela, portanto, pois, consecuentemente, conseguintemente*, e as locucións conxuntivas *asi que, con que, de (tal) modo (xeito, maneira, forma, sorte) que, por conseguinte, por consecuencia, en consecuencia*).

cuente dun membro anterior, (ii) *por tanto*, *por conseguinte* e *de aí*, que basean o paso dun antecedente ao conseqüente nun razoamento, e (iii) *por* (ou *en*) *consecuencia* e tamén *xa que logo*, onde o conseqüente se presenta como un estado de cousas que é resultado doutro estado de cousas; *así* e *entón* acharíanse nun grao menor de gramaticalización como conectores consecutivos.

Debido a que xa noutro lugar tratamos das unidades constituídas por unha única palabra, centrarémonos aquí nas locucións consecutivas e máis especificamente nas unidades parentéticas, a deixarmos de lado aquelas construcións integradas que tradicionalmente veñen sendo consideradas locucións conxuntivas (*de modo que*, *así que*, *de aí que* etc.). Máis do que o estudo pormenorizado dos seus valores discursivos, interézanos fixar na perspectiva diacrónica a formación e funcionamento destas unidades, e en especial das máis presentes na lingua actual. Neste sentido, prestarase atención á locución *e logo*, só parcialmente consecutiva, e ás que levan *pois* como constituínte, que penetraron antes na lingua, para finalmente repararmos noutras aparecidas na época contemporánea.

2. A irrupción de *e logo* como marcador discursivo

Os adverbios de tempo relativos ou referentes, a excepción de *daquela*, documéntanse desde os primeiros momentos do galego-portugués, entre eles *logo*, proveniente de (IN) LOCO (Ferreiro, 1995: 353). Huber (1986: 256-269) cítao como adverbio de tempo co significado de 'inmediatamente' (e tamén *logo logo* 'sen demora'), mais non como conxunción, en canto Nunes (1989: 345-353) o sinala como adverbio de tempo, sen lle atribuír significado, e ao tratar das conxuncións se limita a indicar que para compensar a perda das demais conxuncións latinas a lingua recorreu a outras palabras, "principalmente aos adverbios e preposicións" como *mas*, *logo*, *ora*, *u* etc. e con eles creou novas conxuncións, mais sen especificar cando aconteceu iso. No corpus de cantigas profanas medievais atéstanse 294 ocorrencias de *logo*, normalmente cos significados de 'axiña', 'inmediatamente', 'despois'; nalgún caso é posíbel unha interpretación como conxunción consecutiva, mais de forma dubi-

dosa pola proximidade entre a indicación de posterioridade e de consecuencia. Nas frecuentes ocorrencias de *logo* na nosa antoloxía da prosa literaria medieval (véxase *PLM*), en todas ten un claro valor adverbial de tempo posterior, xeralmente inmediato, sendo frecuentes as correlacións con *quando* ou *tanto*. No entanto, os textos do galego medio móstrannos xa o emprego de *logo* con valor consecutivo. Este explícase a partir do seu significado como adverbio de posterioridade (Garachana, 1998: 197) e del tamén van derivar outros valores discursivos, como acontece con *entón* e *daquela*. Resulta obvio afirmar que tal uso de *logo* continuará durante o século XIX e XX, até á actualidade, embora nos rexistros populares ficase engulido pola variante *e logo*, que amplía grandemente os seus valores discursivos, entre os que non parece desempeñar un papel destacado o consecutivo, aínda que si outros explicábeis a partir del.

Canto á locución *e logo*, comezamos por constatar que no galego-portugués medieval e no galego medio non achamos exemplos da súa gramaticalización como marcador discursivo, mais si contextos onde a concorrencia das dúas partículas debeu de servir de base para esa posterior gramaticalización: *-Certo -disse o cavaleiro- ele non fez cousa nenhũa senão que me tocou e logo fui são (PLM 26); E logo lles preguntei/ a donde este Homero estaba (SEI 47); e logo uma çapateta/ que a sola faga estalar (SEI 79); E logo seguian/ soldados arrèo (C 164); e logo os raspa/ con o seu cuitelo (C 320)*. Nestes casos *e* conserva o valor de nexo copulativo e *logo* de adverbio de tempo con valor de posterioridade; mais como a consecuencia é posterior ao antecedente, non resulta difícil explicar o paso do valor adverbial ao de conector consecutivo, como se viu, e deste ao de introducir preguntas, suxestións etc.

Xa achamos exemplos de *e logo* como marcador discursivo desde os primeiros textos escritos do século XIX, con valores similares aos de *entón* ou *daquela* e tamén aos de *logo*, do cal semella ser unha variante popular moito habitual na fala espontánea, con especial rendibilidade na introdución de cláusulas interrogativas: *¿e logo como pasaron por diante del en Lugo é non lles dixo nada? [...] ¿E logo pra que corrian coma á un xîbaleu á ó Auntamento con elas? (DA 3); E lojo como ó Governo os ten no canto? (TP 3)*. Nos textos literarios do século XX, sobre todo se se trata

de textos dialogados de carácter popular, áchanse numerosos exemplos deste marcador caracteristicamente galego: *-¿E logo? ¿Quedou algún por ahí? -díxolle Pepe (CT 159); -E logo, Calriños, seica estamos de folganza (CPT 108); -E logo, ¿qué máis avisos querías? (CLU 15); Don Ramón -E logo...? cándo...? Cándo mo vas a dar? (VE 154); -¿E logo? A mín aínda non me chegan a nada (CLU 76)*. Tamén se atesta na lingua escrita a variante *e lo*, con apócope da última sílaba do adverbio³: *¿E ló, cando vén? Mañán, mañán... (AT 42)*.

Un dos casos máis relevantes de interferencia do galego no castelán falado na Galiza é precisamente este marcador *e logo*, traducido para o español como *y luego*, mais a conservar os valores discursivos que posúe en galego. De tal uso xa deixa constancia Saco Arce (1868: 192): "Nada mas comun que la pregunta *¿Y luego?* en las conversaciones entre nuestros paisanos, aun sirviéndose del castellano". A multifuncionalidade e frecuencia de uso deste marcador discursivo no galego do século XIX propiciou, por tanto, que se trasladase, convenientemente traducido, para o castelán falado na Galiza da altura, 'defecto' xa sinalado por Álvarez Giménez (1909: 77). Isto vén a demostrar que a súa frecuencia de uso na lingua oral debía de ser moito alta na altura, como se pon tamén en evidencia cando se intenta reproducir, con afán burlesco, o castrapo falado por persoas galegas iletradas: *y aluejo no se ponja usté a hablar jallejo porque le hacen la burla y se ríen d'osté [...]. Y aluejo lo limpiados que nos hacen andar a todos (CT 35)*.

Canto aos valores desta locución, Vázquez e Fernández (1996: 722-733) distinguen o uso de *y luego* como marcador discursivo no español falado na Galiza en unidades dialogais e en unidades monologais. Nos diálogos atribúenlle cinco usos discursivos en preguntas, que tamén podemos atestar para *e logo* en textos literarios galegos: (i) introdutor dunha demanda de explicación: *-Pois eu sentiríache moito que non-a houbera.// -¿E logo, Xexé? (CT 255)*; (ii) introdutor dunha suxestión: *¿E logo non sabes que íse -dixo acenando pra o Bocas- deixou onte un home por*

³ Esta variante *lo mesmo* figura en dicionarios como o de Franco Grande (Vigo, Galaxia, 1980, s. v.) e é utilizada por autores como Dieste na súa obra literaria ou Laureano Prieto en *Contos vianeses* (Vigo, Galaxia, 1958), de onde procede este exemplo: *A ver, ló, se eres capaz de lla levar (p. 42)*.

morto na taberna do Chaguazoso? (AE 80); (iii) introdutor dunha demanda de confirmación: *Vostede qué di? E logo non é certo que os boticarios compoñen feitizos de namorar?* (VE 22); (iv) introdutor de enunciados contraargumentativos: *—E logo ¿cómo non lle deixaste o traxe?* (AFV 42); e (v) tematizador: *—¡Non señor, pero, e logo, o do forno!* (CT 61). En respostas o seu valor será o de expresar acordo co interlocutor, a confirmar o seu enunciado como algo obvio e equivalendo a 'claro' ou 'de certo', que o poden parafrasear: *—En serio. ¿E logo?* (AFV 49). Nos monólogos sérvelle ao falante para reafirmar con énfase o enunciado emitido previamente: *Pagalle a carreira un señor marqués. ¿E logo? ¡Un señor marqués!* (OPV 36). O rexistro eminentemente popular e informal en que costuma proliferar este marcador demóstrase coa ampla presenza que ten nas obras de teatro en que dialogan personaxes que imitan a fala espontánea do pobo, pois tamén é o texto conversacional o que propicia, case en exclusiva, a súa utilización no discurso. Polo contrario, é sintomático que en dúas novelas de teor culto de Camilo Gonsar —*ETS* e *COD*—non achemos nin unha única atestación deste marcador.

3. *Locucións conectoras con pois*

A partícula *pois* posúe unha grande relevancia na lingua desde a época medieval até á actualidade, con diferentes valores. Segundo aconteceu con outros adverbios, da expresión de tempo posterior non resulta difícil explicar a indicación da causa ou a consecuencia, ambas estreitamente ligadas, e a partir de aí a adquisición de diferentes valores discursivos (Domínguez, 2006). Ao mesmo tempo, o adverbio de modo *así* tiña unha grande rendibilidade na lingua medieval; e nos textos do galego medio tamén cumpría funcións de conector consecutivo.

No século XVIII xa concorren *así* e *pois* formando unha locución conectora con valor consecutivo, que Domínguez (2006: 161) cualifica como 'expresión introdutora de conclusión', citando o seguinte exemplo das coplas de Sarmiento: *Así pois, Minguña,/ para o teu enxemplo/ do que á moxiganga/ será ao seu tempo,/ axunta ó alarbio/ que fan os labregos* (C 283). Aínda podemos acrescentar outro exemplo do mesmo autor: *Así pois, un día/ do mes de setembro,/ que foi dezasete* (SEI 121). Isto con-

firma a gramaticalización desta locución, ausente dos textos medievais, como marcador discursivo no século da Ilustración. No XIX temos igualmente atestacións desta fórmula conectora, mesmo con vacilación na separación gráfica dos constituíntes: *así pois os que tal ven/ si foxen non será estraño* (LGPR 107); *Así, pois, ende lle acabando de pór as prummas á súa monteira, aí o terés máis prantado e máis garrido que Guerineldos* (LGPR 115).

Tamén cita Domínguez *pois ben* como expresión que "prepara o receptor para recibir a conclusión" e que na maioría dos casos se utiliza en rexistro formal, achegando este exemplo de Murguía datado en 1891: *¿non víchedes –volvo a decire– como Venus tembra e palidece ante as cores da aurora, sin qu'antre a noite que s'acaba i o día qu'amañece haxa o máis pequeno espazo? Pois ben, sin queré-lo ese é como o noso símbolo*. Non demos con exemplos desta locución conectora anteriores a este século, mais nel e nos seguintes o seu uso mostrouse plenamente consolidado.

Entre valor conclusivo e consecutivo ten a locución *pois entón*, que non rexistramos nos textos medievais, mais que se atesta con facilidade nos contemporáneos: *Deberche o ser? Pois entón, déboche a sede que teño!* (VE 42). Igual acontece con *pois logo*, presente na mesma obra de Castella: *E pois logo qué sel-a miña dona?* (VE 67); e tamén en textos populares da segunda metade do XX: *-Boeno, pois logo fágame cinco iguales pra os meus cinco pequenos* (CLU 121).

4. A emerxencia de novas locucións conectoras consecutivas no galego contemporáneo

Hai unha serie de locucións, principalmente encabezadas pola preposición *por*, que foron emerxendo na época contemporánea como conectores con valor consecutivo após un proceso de gramaticalización, talvez a partir de funcionaren previamente como complementos circunstanciais de causa ou consecuencia introducidos por esa preposición; de aí a súa presenza en *por tanto* (ou *polo tanto*), *por conseguinte* e *por consecuencia*; á marxe deste proceso, xurdiu tamén con forza na última fase da lingua *xa que logo* como conector consecutivo.

4.1. *Por tanto e polo tanto*

Nos textos medievais non se rexistra a locución *por tanto* con valor de conector consecutivo, embora existan esporádicas concorrencias desas dúas palabras con outras funcionalidades que poden explicar a futura xénese da súa gramaticalización como expresión conectora, segundo demostran estes exemplos localizados no noso corpus de textos poéticos: *mais por tanto vos rog'e por al non* (1098.16); *por tanto me maravilho/ d'a esto seer chegado* (1658.20); en varias ocasións atestamos no mesmo corpus a presenza desta fórmula en correlación con *por quanto*: *por quant'está con seu senhor mui bon,/ por tanto se non quer ja conhecer* (1679.4). A pesar de en Cunha (1991, s.v. *portanto*) figurar datada por primeira vez no século XIV, as gramáticas históricas de Huber (1986: 268-269), Nunes (1989: 352-355) ou Ferreiro (1999: 369-372) non a recollen entre as locucións conxuntivas da época medieval; na nosa antoloxía da prosa literaria deste período tamén non atestamos ningún testemuño desta expresión (véxase *PLM*), embora sexa probábel que nalgunhas ocorrencias poida agromar tal valor. Mais o feito de que nunha ampla mostra de textos do galego medio (véxase *SEI*) non se ateste ningunha ocorrencia de *por tanto* induce a pensar que a gramaticalización como marcador discursivo debe de ser posterior ao período medieval e talvez ao moderno. De *polo* (ou *pelo*) *tanto* tampouco achamos rexistros medievais nin do galego medio en todos os corpus citados, incluídas tamén as antoloxías *PLM* e *SEI*, de modo que ben podemos considerar que se trata dunha variación de *por tanto* aparecida, se callar, após a consolidación deste como conector.

Como conector consecutivo *por tanto* aparece esporadicamente documentado desde os primeiros textos do XIX, o que demostra a súa gramaticalización como tal nesa altura: *por tanto non debia haber aqui en ningun tempo (bou á un decir) un que quixèse á Constitucion, [...] por tanto non he virtú (acho eu) ó ser alí amante da libertá (TP 7); deixándoa por tanto baixo tutela (LGPR 85)*. Con todo, non chegan a dez as ocorrencias encontradas nos textos decimonónicos e ningunha das gramáticas deste período nin da primeira parte do seguinte inclúen esta fórmula entre os nexos conxuntivos. No en-

tanto, o seu uso no galego escrito mantívose dentro dun ton discreto até á actualidade: *A tradición, por tanto, actualízase, resemantízase, non se reflicte estática ou conservadoramente* (CR 77).

A alternar con esta expresión conectora temos *polo tanto*, máis frecuente cara aos finais do século XIX: *Non é de estrañar, pol-o tanto, que o noso dioma [...] teña que retirarse agora avergonzado* (TE 13). Durante o século XX *por tanto* e *polo tanto* van alternar nos textos escritos como marcadores discursivos, aínda que o seu ámbito de uso é máis propio de rexistros formais, onde *polo tanto* semella dominar, pois por exemplo en CTS, obra escrita nun rexistro eminentemente culto, ten dez ocorrencias e *por tanto* ningunha: *e era, polo tanto, un experto nel* (CTS 10). Os seguintes exemplos son máis unha mostra, actual, do posíbel dominio da fórmula que ten presenza pronominal: *Polo tanto, sen necesidade de ir dar moi lonxe, son testemuña* (L. González, "Plurilingüismo", *El Correo Gallego*, 15/08/2010, p. 2); *polo tanto, todo aquel que desexe ser atendido en castelán, serao en canto así o manifeste* (X. P. DoCampo, "Aos responsábeis da nova caixa", *Xornal de Galicia*, 18/08/2010, p. 48). Neste caso a norma estándar do galego distánciase da portuguesa tanto no aspecto gráfico, pois esta consagra a aglutinación *portanto*, como no recoñecemento de *polo tanto*, ausente do estándar portugués⁴. E como en tantos outros casos, acaba por confluír coa solución do castelán no uso de ambas as formas.

4.2. *Por conseguinte*

Outro dos marcadores discursivos que funcionan como conectores consecutivos é *por conseguinte*, que non ten rexistros na lingua medieval nin demos con ningún nos textos do galego medio. Nos textos decimonónicos aparece poucas veces e so a forma *por consiguiente*, talvez interferida polo castelán, nas únicas tres ocorrencias localizadas: *por consiguiente, se hai facultade para nomear uns, tamén a hai para os outros* (LGPR 26); *e, por consiguiente, failles perder aquela pastosidá* (TE 9); *e que, por consiguiente, non había quen chamase aos viciños* (TE 279). Valladares (1970: 114)

⁴ Sobre *portanto* en portugués véxase Guimarães (2002: 149-168), que a cualifica de conxunción conclusiva ou operador de conclusión ao lado de *por isso*, *por conseguinte*, *logo* e *então*, embora acrecente que nin sempre son substituíbeis unhas polas outras.

cita na súa gramática decimonónica *de consiguiente* entre as conxuncións compostas e Saco Arce (1868: 135) non menciona esta fórmula entre tal modalidade de nexos, como tampouco fará LUGRÍS FREIRE (1931: 82) na súa gramática do primeiro terzo do XX.

Neste período, porén, xa aparece atestada coa forma *por conseguinte*, considerada na actualidade estándar, aínda que o seu uso non é moito frecuente na lingua escrita —menos na oral— e aparece habitualmente en rexistros cultos. A primeira atestación que recolle o TILG é de 1923 (*O arredismo non é, por conseguinte, unha [...]*), a pesar de a referencia e cita completa non estar dispoñíbel na nosa data de consulta (13/08/2010); a seguinte ocorrencia rexistrada deste marcador discursivo corresponde ao ano 1934 e está tirada da prensa galeguista: *e por conseguinte a Galiza a nosa laboura actual irálle un porvir que non poidera abranguer* (*A Nosa Terra*, n. 341, 25/07/1934, p. 1); de todas as formas, o TILG só recolle outras catro ocorrencias deste marcador até o ano 1963. Un exemplo tirado dunha carta de Manuel García Barros, datada en 1955, ao daquela presidente da Real Academia Galega, Sebastián Martínez-Risco, e correspondente por tanto tamén ao ámbito culto, é o seguinte: *E non habendo auga suficiente nen por conseguinte barcos* (CPT 63).

Na actualidade é normalmente recollida esta locución adverbial conectora nas gramáticas e manuais dentro da listaxe das conxuncións consecutivas, alén de figurar nas normas oficiais e de ser usada de forma limitada por oral e sobre todo por escrito en rexistros formais. O mesmo valor ten a forma adverbial *consequentemente*, embora o seu uso, tamén culto, sexa aínda moito máis restrito.

4.3. *De aí*

Ao lado da construción integrada *de aí que*, tamén ten certo uso na lingua a locución parentética *de aí*, que basea o paso dun antecedente ao consecuente nun razoamento. Como simple contracción da preposición *de* e o adverbio de lugar *aí* xa figura no dicionario galego-castelán de Marcial Valladares, de 1884, e posteriormente no de Leandro Carré Alvarellos, de 1928-1931, ben como no *Diccionario galego da rima e galego-castelán* de José Ibáñez Fernández, de 1950 etc. Da construción conectora consecutiva integrada *de aí que* o TILG dá-nos xa atestacións de finais do período decimonónico: *N'é posible; d'aí qu'ó*

sabé-lo falecemento de súa comadre (M. Valladares, *Majina ou a filla espúrea*, t. 2 de *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 1880, p. 377); *D'aí que nin a ela, nin ó mesmo Salvio, dixese tampouco o ouxeto* (*Id.*, p. 460.); *d'aí o que hoxe non haxa no campo dos Remedios aquil similleiro de casetas* (*O Galiciano*, Paróla 101, 15 de setembro, 1886, p. 3.) etc.

Pouco despois desta última atestación, xa o TILG nos fornece exemplos da construción parentética, embora nin sempre se marque graficamente: *d'aí a razón porque se deixa pasar* (*A Monteira*, nº 1-13, 1889, p. 109); *De aí os berros i as carreiras* (H. Pérez Placer, *Contos da terriña*, A Coruña, Andrés Martínez editor, 1895, p. 105). Do primeiro terzo de século XX tamén nos fornece algún exemplo: *¡dichosos partidos! e de aí, resultou a lei do contrasentido* (L. Otero Pimentel, *A campaña de Caprecór-neca*, La Habana, 1908, p. 165); *Maxina moito máis que o que poden facer. De aí a traxedia que se agacha no fondo de tódo-los cegos* (E. Montes, *O vello mariñeiro toma o sol...*, Ferrol, Céltiga, 1922, p. 8). En textos argumentativo-explicativos das últimas décadas do XX tamén ten certa presenza, como demostran estes exemplos tirados dun ensaio de Ramón Piñeiro de 1974: *De aí o seu senso redentor* (OF 41); *De aí a importancia radical da mentalidade urbana* (OF 268); nestoutro exemplo concorren a construción integrada e a parentética: *De aí que non teña esa corporeidade obxetiva de que falábamos. De aí, tamén, a carencia de acción colectiva que sempre se ten botado de menos en Galicia* (OF 44).

Con todo, a locución parentética, propia do rexistro culto e de textos de natureza argumentativa, aínda non se pode considerar plenamente gramaticalizada e non figura citada nas normas oficiais nin nas gramáticas actuais entre as conxuncións consecutivas, ao contrario do que acontece coa construción integrada *de aí que* (véxase, por exemplo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2003: 185).

4.4. *Por consecuencia ou en consecuencia*

Dous novos marcadores discursivos en función de conectores consecutivos van confirmar a súa presenza no galego do século XX; deles non achamos nos textos escritos anteriores, nin medievais nin do galego medio nin do período decimonónico, ningún testemuño. Trátase de *por* ou *en consecuencia* e de *xa que logo*, ambos máis propios de rexistros cultos. Canto a *por/en consecuencia*,

o primeiro que debemos constatar é que o propio substantivo que o conforma non ten presenza na lingua galego-portuguesa até o século XVI (Cunha, 1991, s.v. *conseqüência*), cando menos, e nos textos do galego medio achamos tres rexistros deste substantivo nos textos escolmados (*SEI*), pertencentes todos aos romances das Festas Minervais de 1697, dous so a forma *consecuencia* nos da autoría de Francisco Antonio del Valle e de Ignacio Rodríguez, e o terceiro como *consecuencia* no romance de José Antonio Torrado.

A conformar o marcador discursivo, igual que de *por conseguinte* e tanto coa preposición *por* como *en* de primeiro elemento, aínda non testamos ningún caso en toda a obra literaria de Noriega Varela, no teatro de Luís Manteiga, n' *Os probes de Deus* de Amado Carballo, en *Donosiña* de Quintanilla, n' *O bufón* de Risco, n' *A lagarada* de Otero ou en *Cara a Times Square* de Camilo Gonsar, por exemplo. Porén, o TILG xa rexistra o uso de *por consecuencia* como conector consecutivo nun texto xornalístico de principios do XX: *a eisaltación da súa persoalidá, e por consecuencia a mellora da súa inteleutualidade* (*O Tío Marcos da Portela*, 3ª época, parrafeo 17º, 21/10/1917, p. 1). Igualmente, atesta este mesmo marcador nunha obra de Celso Emilio Ferreiro da posguerra: *i ela, por consecuencia, convertirase na pirmeira dama da colectividá* (*A fronteira infinda*, Vigo, Castrelos, 1972, p. 126).

Mais o mesmo TILG documenta *en consecuencia* como marcador nunha obra publicada un ano despois: *e o técnico, en consecuencia, debe si aconsellar, como quen sabe, mais non gobernar* (*Estudios do dereito civil de Galicia*, Vigo, Sept, 1973, p. 245). Noutra obra de Camilo Gonsar, pertencente tamén á segunda parte do século XX, imos achar este marcador con *en* como primeiro elemento: *e en pedir, en consecuencia, pratos e máis pratos* (*COD 69*). Nesta e noutra novela do mesmo autor documéntase tamén o adverbio *consecuentemente*, de que non demos con ningún rexistro decimonónico, co mesmo valor discursivo de conector consecutivo; fica claro que o seu uso restrito corresponde case en exclusiva ao rexistro culto.

Con esa mesma forma *en consecuencia* é polo xeral utilizado no galego actual, embora a súa frecuencia de uso sexa limitada e en contextos marcados pola formalidade. Neste aspecto o galego distánciase, máis unha vez, do portugués, que utiliza preferentemente o *por conseqüência*

presente nas primeiras atestacións galegas, e achégase á fórmula preferida polo español, que está a interferir de modo especial os marcadores discursivos galegos (Freixeiro, 2005: 110-170), algo similar ao que acontece co "éxito de *mira* fronte a *olla*" (Domínguez, 2008: 70). Neste sentido, debemos ter en conta que, como di Hagège (2000: 106), nunha situación de "bilinguisme d'inégalité" como a que se dá na Galiza, os marcadores discursivos da lingua dominante pasan a ser a "colonne avancée en direction de l'invasion lexicale", que anuncian por tanto a ofensiva en masa sobre o léxico e despois sobre a gramática da lingua dominada.

4.5. *Xa que logo*

Por último, alén dos casos anteriores, no galego actual está a se consolidar con forza na lingua escrita e nos rexistros formais a expresión *xa que logo* como marcador discursivo con valor de conector consecutivo. Posibelmente se formase mediante a combinación da locución conxuntiva causal *xa que* co valor consecutivo de *logo*. Os exemplos de *xa que logo* con que demos son aínda máis próximos no tempo que os relativos aos marcadores anteriores. Os tres primeiros casos que atestamos, servíndonos do TILG, sitúannos xa na segunda metade do século XX e curiosamente pertencen a autores lucenses: ¿*A qué raza pertencían, xa que logo, os celtas da antigüedad?* (C. Fernández de la Vega e R. Piñeiro, trads., *Cancioneiro da Poesía Céltica de Julius Pokorny*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 1952, p. 21); *Xa que logo, hoxe non che darei leite fritida con azucre* (A. Fole, *Terra brava*, Vigo, Galaxia, 1955); *e non son, xa que logo, / unha gracia de Deus* (Manuel María, *Documentos personaes*, Lugo, Celta, 1958, p. 5).

A súa incorporación ás gramáticas e manuais de lingua comezou de forma tímida no último cuartel do XX (Carballo, 1979: 258; Álvarez, Regueira e Monteagudo, 1986: 531), embora a súa presenza nos textos literarios sexa na actualidade máis constante talvez por se tratar dunha fórmula diferencialista a respecto do castelán, que como podemos observar inflúe tanto nunha dirección como na outra, neste caso favorecendo unha fórmula nova que non acha correlato nesa lingua nin tampouco no portugués. É algo similar ao que está a acontecer co conector contraargumentativo de valor concesivo *malia* (*que*), embora este sexa sospeitoso de ser xa un castelanismo en orixe (Freixeiro, 2005: 252-254); mais

o que fica claro é que a acelerada extensión do uso de ambos está impulsionada desde o ámbito da escrita, nomeadamente literaria, e favorecida polo carácter diferencial a respecto do español directamente e, se callar, tamén de forma indirecta con relación ao portugués.

Como en xeral acontece coas locucións conectoras anteriores, alén de indicar que o segmento discursivo en que aparece é unha consecuencia do segmento precedente, *xa que logo* é un conector parentético que conforma un grupo entoativo propio e que goza de mobilidade dentro do texto, como mostran estes exemplos de textos actuais: *E, xa que logo, a literatura galego-portuguesa, os Cancioneiros, as Cantigas, tamén deberían ser vistos como patrimonio dos españois* (ET 135); *Podémonos preguntar, xa que logo: [...]* (CR 73); *Xa que logo, sabemos a causa que impeleu a Díaz* (*Amencer*, Mondoñedo, n. 210, maio-xuño 2010, p. 30). Na realidade, os tres textos que se citan pertencen ao xénero ensaístico e teñen carácter argumentativo, características que propician o emprego deste novo conector que, no entanto, tamén se vai facendo habitual noutras tipoloxías textuais como a narrativa: *Confirmábase, xa que logo, a sospeita* (OL 55).

Alén do valor consecutivo dominante nesta locución, e debido talvez ao carácter diferencialista de que se acaba de falar, na lingua literaria obsérvase nalgún caso a extensión do seu uso a outros valores. Así parece acontecer, por exemplo, no libro de memorias de Lois Tobío, onde se utiliza profusamente, polo xeral como consecutivo; mais nalgún caso concreto semella afastarse deste valor para se tornar máis propiamente operador argumentativo que presenta o membro discursivo en que figura como evidente, igual que acontece con *claro, desde logo, xaora* ou de *certo* (Freixeiro 2005: 105). Eis algún exmplo: *A algúns chegarei a tratálos persoalmente coma o vello Julio J. Casal, que fundara na Coruña "Alfar" con Juan González del Valle, Emilio Oribe, poeta profundo e filosófico, o fecundo, oceánico, victorhuguesco Sabat Ercasty, Ibáñez, Benedetti que escomenzaba brillantemente a súa traxectoria e, xa que logo, Esther de Cáceres* (TL 538); *A diferencia do que se daba en España e nos outros países da América de fala española, a Igrexa e os cregos non tiñan aquí maior influxo. Había, xa que logo, crentes e devotos pero non eran moitos nin facían maior barullo* (TL 539); *Estaba casado cunha dona xove de familia xudía da Eu-*

ropa central, Dolly, doce e sensible, culta e xangal e dunha admirable fortaleza calada, que sabía entender e levar a xeito ao seu home que tiña, xa que logo, as suas rarezas (TL 555).

5. Conclusión

Con posterioridade ao período medieval van xurdir na lingua galega unha serie de locucións parentéticas consecutivas, embora a popular *e logo* asuma funcionalidades diferentes. A partir de *pois* formáronse locucións conectoras consecutivas como *pois entón, pois logo, pois ben ou así pois*, cuxo proceso de gramaticalización como marcadores xa se pode considerar consolidado nalgún caso no século XVIII; outras documentáronse posteriormente. Confórmanse tamén locucións conectoras consecutivas encabezadas pola preposición *por* —*por tanto, por conseguinte, por consecuencia*—, a se documentar a primeira nos inicios do XIX, a segunda ao final do período e a terceira nos primordios do XX. A fórmula conectora *de aí* comeza a deixar pegadas na escrita a finais do XIX. Se callar, a última incorporación aos conectores consecutivos do galego é *xa que logo*, atestada a meados do século XX, con presenza crecente nos usos formalizados da lingua.

Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ, Rosario, REGUEIRA, Xosé Luís e MONTEAGUDO, Henrique (1986). *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia.
- ÁLVAREZ GIMENEZ, Emilio (1909). *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León*. Valladolid: Imprenta y Librería de Andrés Martín.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1979). *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia (1ª ed., 1966).
- COSTA, Xoán Xosé, GONZÁLEZ, M^a dos Anxos, MORÁN, César Carlos e RÁBADE, Xoán Carlos (1988). *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*. A Coruña: Vía Láctea.

- CUNHA, Antônio Geraldo da (1991). *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira (1ª ed., 1982).
- CUNHA, Celso e CINTRA, Lindley (1991). *Nova Gramática do Português Contemporâneo*. Lisboa: Sá da Costa.
- DOMÍNGUEZ PORTELA, Soraya (2006). "Pois: dende a conxunción ó marcador discursivo". *Cadernos de Lingua* 28, 145-173.
- DOMÍNGUEZ PORTELA, Soraya (2008). "Olla e mira, dous marcadores discursivos en tres linguas: portugués, galego e español". *Cadernos de Lingua* 30, 27-73.
- FERREIRO, Manuel (1999). *Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento (1ª ed., 1995).
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2005). *Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa (Monográfico 3 da *Revista Galega de Filoloxía*).
- GARACHANA CAMARERO, Mar (1998). "La evolución de los conectores contraargumentativos: la gramaticalización de *no obstante* y *sin embargo*". En MARTÍN, Mª Antonia e MONTOLÍO, Estrella (coords.) *Los marcadores del discurso: teoría y análisis*, 193-212. Madrid: Arco Libros.
- GUIMARÃES, Eduardo (2002). *Texto e argumentação. Um estudo de conjunções do português*. Campinas: Pontes.
- HAGÈGE, Claude (2000). *Halte à la mort des langues*. Paris: Odile Jacob.
- HUBER, Joseph (1986). *Gramática do Português Antigo*. Lisboa: Calouste Gulbenkian (1ª ed., 1933).
- LUGRÍS FREIRE, Manuel (1931). *Gramática do Idioma Galego*. A Coruña: Moret (1ª ed., 1922).
- MONTOLÍO DURÁN, Estrella (2001). *Conectores de la lengua escrita*. Barcelona: Ariel.
- NUNES, José Joaquim (1989). *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*. Lisboa: Clássica.

- PORTOLÉS, José (2001). *Marcadores del discurso*. Barcelona: Ariel (1ª ed., 1998).
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2003). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG e ILGA (1ª ed., 1982).
- SACO ARCE, Juan A. (1868). *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- VALLADARES, Marcial (1970). *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia (manusc., 1892).
- VÁZQUEZ VEIGA, Nancy e FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ, Cristina (1996). "Un caso de interferencia lingüística: la forma y luego en el castellano de Galicia". En CASADO, Manuel, FREIRE, Antonio, LÓPEZ, José Eduardo e PÉREZ, José Ignacio (eds.) *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, vol. 2, 715-735. A Coruña: Universidade da Coruña.

Fontes documentais

- AE = BLANCO-AMOR, Eduardo (1978). *A Esmorga*. Vigo: Galaxia (1ª ed., 1959).
- AFV = DIESTE, Rafael (1958). *A fiestra valdeira*. Buenos Aires: Citania (1ª ed., 1927).
- AT = DIESTE, Rafael (1973). *Dos arquivos do trasno*. Vigo: Galaxia (1ª ed., 1926).
- C = MARIÑO PAZ, Ramón (ed.) (1995). SARMIENTO, Fr. Martín. *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- CLU = Centro de Estudos Fingoy (ed.) (1979). *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia (1ª ed., 1963).
- COD = GONSAR, Camilo (1984). *Como calquera outro día*. Vigo: Xerais.
- CPT = FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (ed.) (1999). *Cos pés na Terra. Personalidade e obra inédita ou esquecida de Manuel García Barros*. A Estrada: Fouce.

- CR = GARCÍA NEGRO, María Pilar (2010): *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- CT = GARCÍA BARROS, Manuel (1952). *Contiños da Terra*. Buenos Aires: Talleres Caporaletti Hnos. (1ª ed., 1931).
- CTS = GONSAR, Camilo (1980). *Cara a Times Square*. Vigo: Galaxia.
- DA = (1836) *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso*. Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño.
- ET = TORO, Suso de (2004). *Españois todos*. Vigo: Xerais.
- LGPR = GARCIA NEGRO, Maria Pilar e GÓMEZ SÁNCHEZ, Anxo (ed.) (1996). *A Nosa Literatura. Vol. 9. A literatura galega do pre-renacemento (1808-1863)*. Vigo: A Nosa Terra.
- OF = PIÑEIRO, Ramón (1974). *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia.
- OL = VILLAR, Domingo (2009). *Ollos de auga*. Vigo: Galaxia (1ª ed., 2006).
- OPV = AMADO CARBALLO, Luís (1982). *Obras en prosa en prosa e verso*. Vigo: Castrelos.
- PLM = FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (ed.) (1996). *A Nosa Literatura. Vol. 5. Antoloxía da prosa literaria medieval*. Vigo: A Nosa Terra.
- SEI = FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (ed.) (1996). *A Nosa Literatura. Vol. 7. Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- TE = LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1895). *A tecedeira de Bonaval*. Coruña: Andrés Martínez e Casa de la Misericordia (1ª ed., 1894).
- TILG = *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, http://sli.uvigo.es/TILG/tilg_pescuda.php?
- TL = TOBÍO, Lois (1994). *As décadas de T.L.* Sada - A Coruña: Edicións do Castro.
- TP = (1836) *La Tertulia de Picaños...* [Santiago de Compostela]: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo.
- VE = R. CASTELAO, Alfonso (1953): *Os vellos non deben de namorarse*. Vigo: Galaxia.